

19 de xuño

Día Internacional contra a Violencia Sexual nos Conflitos

«A violencia sexual nos conflitos é un crime brutal, perpetrado principalmente contra as mulleres e as nenas, pero que afecta tamén aos homes e os nenos. Esta secuela repercute en todos os ámbitos das comunidades e as sociedades, perpetuando os ciclos de violencia e ameazando a paz e a seguridade internacionais.»

António Guterres
Secretario xeral das Nacións Unidas. 2020

O 19 de xuño de 2015, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas proclamou (A/RES/69/293) o Día Internacional para a Eliminación da Violencia Sexual nos Conflitos, co fin de *concienciar sobre a necesidade de poñer fin á violencia e actividade sexual relacionada co conflito*, para homenaxear as vítimas e sobreviventes da violencia sexual en todo o mundo e render tributo a aquelas persoas que dedicaron a súa vida a loitar para acabar con estes crimes.

A data escolleuse para conmemorar a adopción da resolución S/RES/1820(2008) do Consello de Seguridade, o 19 de xuño de 2008, na que condenaba a violencia sexual como táctica de guerra e impedimento para a consolidación da paz.

A expresión **«violencia sexual relacionada cos conflitos»**, segundo recolle o informe emitido no 2015 polo secretario xeral das Nacións Unidas, inclúe as violacións, a prostitución forzada, a escravitude sexual, os embarazos forzados, a esterilización forzada e calquera outro acto grave de violencia sexual contra mulleres, homes ou nenos que teñen unha vinculación directa ou indirecta cun conflito, e que tamén pode estar relacionado co odio étnico e a depuración étnica.

A violencia sexual exerceuse de forma xeneralizada en moitos conflitos armados como método de guerra, co fin de destruír o tecido social ou como unha forma de represalia para xerar medo, ou a modo de tortura.

É importante ter en conta que as vítimas máis frecuentes de violencia sexual son as **mulleres e nenas**, que son atacadas por pertencer ou pensar que pertencen a unha minoría política,

étnica ou relixiosa e por estar nunha situación de vulnerabilidade. Ser muller é en moitos lugares, unha sentenza de violencia. Pero tamén se comete violencia sexual contra **homes e nenos**, que se volven particularmente vulnerables nalgúns contextos, como nos casos de detención, e, ademais, esta violencia segue envolta nun veo de tabús culturais e con poucas redes de apoio dispoñibles.

Máis de 60 países aínda non inclúen as vítimas de sexo masculino no ámbito da lexislación sobre violencia sexual, e moitos homes e nenos permanecen en silencio por medo ao ostracismo ou a acusacións de homosexualidade.

Tales actos forman parte dun escenario de abuso e violencia que inclúe asasinatos, recrutamento infantil, destrución da propiedade e saqueos, pero con frecuencia fica oculta, debido aos sentimentos de culpa e de vergoña, o temor ás represalias ou os tabús sobre o tema que impiden que as vítimas denuncien estes actos. Pode causar traumas físicos e psicolóxicos graves, infección por VIH e, en ocasións, a morte. Ademais, o padecemento das vítimas a miúdo ten varias facetas: non só reciben lesións e traumas potencialmente perigosos e persistentes, senón que tamén se enfrontan á estigmatización e o rexeitamento por parte das súas familias e comunidades. Como resultado, ocúltase a magnitude do problema e resulta moi difícil chegar ás vítimas e darlles apoio.

Os conflitos armados e outras situacións de violencia afectan ás mulleres, os homes, as nenas e os nenos de maneira diferente. Certas persoas poden ser máis vulnerables ca outras á violencia sexual. Isto inclúe as persoas desprazadas, as migrantes, as viúvas, as mulleres xefas de fogar, os detidos, as persoas asociadas coas forzas armadas ou con grupos armados, ou as persoas de grupos étnicos específicos.

Estímase que por cada violación denunciada en relación cun conflito, hai entre dez e vinte casos que quedan sen documentar.

A **Corte Penal Internacional** inclúe a violación e algunhas outras formas de violencia sexual na lista de crimes de guerra e na lista de actos que constitúen crimes de lesa humanidade cando se cometen como parte dun ataque xeneralizado ou sistemático contra unha poboación civil.